



## Guía Docente

Datos Identificativos					2024/25
Asignatura (*)	Tecnoloxía para profesorado de educación secundaria obrigatoria		Código	652602211	
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	5	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Enxeñaría de Computadores				
Coordinación	Castro Castro, Paula Maria	Correo electrónico	paula.castro@udc.es		
Profesorado	Castro Castro, Paula Maria	Correo electrónico	paula.castro@udc.es		
Web	campusvirtual.udc.gal/				
Descrición xeral	Contidos de Tecnoloxía obxecto de ensinanza e aprendizaxe na Educación Secundaria Obrigatoria. Contextos e situacións da contorna axeitados para a aplicación dos contidos curriculares da Tecnoloxía.				

## Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer os contidos de Tecnoloxía obxecto de ensinanza e aprendizaxe na ESO.	AP15		CM1
	AP16		CM3
	AP17		CM8
	AP18		
Coñecer os contextos e situacións da contorna axeitados para a aplicación dos contidos curriculares da Tecnoloxía.	AP15		CM1
	AP16		CM3
	AP17		CM8
	AP18		

## Contidos

Temas	Subtemas
Introdución	A materia no mestrado Tecnoloxía na Educación Secundaria Obrigatoria
Contidos	BLOQUE 1. O proceso tecnolóxico BLOQUE 2. Elementos de máquinas, sistemas e robots BLOQUE 3. Deseño e fabricación BLOQUE 4. Programación, control e robótica BLOQUE 5. Documentación e comunicación dixital

## Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Aprendizaxe servizo	C1 C3 C8	17	51	68
Traballos tutelados	A16 A17 A18 C1 C3 C8	10	20	30



Proba mixta	A16 C1	1	4	5
Sesión maxistral	A15 A16 A17 A18 C8	7	14	21
Atención personalizada		1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe servizo	Aprendizaxe dos contidos curriculares a través dun servizo a persoas con diversidade funcional e/ou cognitiva.
Traballos tutelados	Traballos realizados polo estudiantado para aprofundar e afianzar os coñecementos sobre diferentes aspectos das tecnoloxías.
Proba mixta	Proba de resolución de cuestións e exercicios prácticos sobre os contidos da materia.
Sesión maxistral	Exposición dos contidos teóricos da materia de acordo cos resultados de aprendizaxe.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe servizo	Resolución de dúbidas do estudiantado sobre os contidos da materia.
Traballos tutelados	
Sesión maxistral	Seguimento da aprendizaxe evolutiva do estudiantado e da súa participación activa na dinámica da aula.
Proba mixta	As titorías serán preferentemente non presenciais, a través do correo electrónico institucional, Moodle ou Teams, nos horarios establecidos polo profesorado da materia.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Aprendizaxe servizo	C1 C3 C8	Avaliación dun proxecto de tecnoloxía realizado nun grupo de traballo, que se presenta nunha feira final orientada a persoas con diversidade funcional e/ou cognitiva. A feira realizarase de xeito presencial na data fixada pola docente.	30
Traballos tutelados	A16 A17 A18 C1 C3 C8	Avaliación de traballos tutelados grupais de avaliación continua.	20
Proba mixta	A16 C1	Avaliación dos contidos teóricos e prácticos explicados ao longo do curso mediante unha proba final. Realizarase de xeito presencial na data establecida no calendario académico.	50

Observacións avaliación
-------------------------



Para a avaliación continua das actividades de aprendizaxe e servizo e traballos tutelados, é obrigatorio o 80% de asistencia á aula dos/das estudantes.

A

cualificación será a media ponderada das notas das actividades e traballos realizados durante o curso e da nota da proba realizada na data do calendario oficial de exames, debendo obter en cada unha das partes un aprobado (5 sobre 10) para poder superar a materia. No caso de non superar algunha das partes, na segunda oportunidade deberase entregar de novo e/ou repetir todas as partes non aprobadas (respectivamente, actividades/traballos e/ou proba).

Todos os aspectos relacionados con ?dispensa académica?, ?dedicación ao estudo?, ?permanencia? e ?fraude académica? rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC.

Normas específicas de avaliación para estudiantado con recoñecemento de dispensa académica: Deberá

poñelo en coñecemento da docente na primeira semana de clase, ou, se isto non fora posible, nun prazo non superior a 7 días desde que lle fora concedido o recoñecemento. Terán

que realizar, individualmente, todas as actividades/traballos propostos ao longo do curso e entregalos nas datas establecidas pola docente. Se

non se cumpre a entrega na data sinalada a cualificación será NON PRESENTADO.O estudiantado que, por circunstancias excepcionais, non cumpra a porcentaxe do 80% de asistencia, debe acollerse tamén ao punto 2 indicado anteriormente. En todos os casos, a asistencia e participación na feira de tecnoloxía é obrigatoria para superar a materia. A cualificación será NON PRESENTADO: a) cando non se complete o proceso de avaliación continua, nas condicións que figuran nesta guía docente, ou b) cando non se

presente á proba mixta na data oficial de avaliación. Nesta materia incorpórase a perspectiva de xénero (uso de linguaxe non sexista, promóvese a participación de alumnos/as...). Tamén se

traballará para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Atenderemos ás situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas, no caso de producirse.

## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Julio C. Brégains, Paula M. Castro (2012). Electricidad Básica. Problemas resueltos. Starbook</li> <li>- Julio C. Brégains, Paula M. Castro (2013). Electrónica Básica. Problemas resueltos. Starbook</li> <li>- Paula M. Castro, Ana Ares-Pernas, Adriana Dapena (2020). Service-Learning Projects in University Degrees Based on Sustainable Development Goals: Proposals and Results. MDPI</li> <li>- Adriana Dapena, Paula M. Castro, Ana Ares-Pernas (2022). Moving to e-Service Learning in Higher Education. MDPI</li> <li>- Paula M. Castro (2023). <a href="https://campusvirtual.udc.gal/">https://campusvirtual.udc.gal/</a>. Campus virtual</li> </ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Tecnoloxía para profesorado de bacharelato/652602212

Didáctica da tecnoloxía na educación secundaria/652602221

Deseño. planificación e avaliación de propostas didácticas de tecnoloxía na educación secundaria/652602222

Proxectos de innovación e investigación educativa en tecnoloxía/652602E31

### Materias que continúan o temario



## Observacións

Recoméndase o envío dos traballos telematicamente e de non ser posible, non utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías